

+ Investigadoras

Outras astrónomas que investigaron as galaxias:



Françoise Combes
(Francia, 1952)

Astrónoma do Observatorio Astronómico de París, Combes é experta na dinámica das galaxias e os efectos da interacción gravitacional entre elas. Os seus modelos permitiron explicar varios aspectos da súa formación e evolución. É membro da Academia francesa de Ciencias desde 2004.



Claudia Megan Urry
(Estados Unidos)

Directora do Departamento de Física da Universidade estadounidense de Yale, o seu traballo centrouse nas galaxias activas, aquelas que teñen un núcleo extraordinariamente luminoso producido pola acreción de material cara ao burato negro central supermasivo.


Guinevere Kauffman
(Estados Unidos, 1968)

Esta astrofísica estadounidense traballa no Instituto alemán Max Planck. As súas investigacións permitiron explicar a conexión entre as predicións dos modelos teóricos de formación de galaxias e estruturas no Universo e as propiedades observables das galaxias.



Beatrice Tinsley
(Inglaterra, 1941-
Nova Zelandia, 1981)

Pioneira no estudo teórico da evolución das galaxias, realizou modelos para calcular como envellecen os diferentes grupos de estrelas nunha galaxia e que efectos provocan nas propiedades observadas. A pesar da súa curta carreira profesional (morreu con 40 anos), publicou máis de 100 artigos e foi recoñecida internacionalmente polas súas contribucións orixinais á teoría da evolución galáctica.





Margaret Brubidge
(Inglaterra, 1919)

Entre as súas contribucións destaca o seu modelo para reproducir como se sintetizan os elementos máis pesados que o hidróxeno, o helio e o litio, no interior das estrelas, nunha serie de reaccións nucleares chamadas nucleosíntese. Foi a primeira muller directora do Observatorio Real de Greenwich (Inglaterra). Desempeñou un papel fundamental na definición dos proxectos clave e a instrumentación para o telescopio espacial Hubble.



**Con A de
Astrónomas**

Millóns de soles xuntos



Unha galaxia é un sistema de estrelas, nubes de gas, planetas, po, materia escura e quizais enerxía escura. As súas formas son moi variadas; poden ser elípticas, espirais ou irregulares e a cantidade de estrelas que conteñen varía moito dunhas a outras. Hainas ananas cuns poucos miles de millóns de estrelas e xigantes con máis dun billón de estrelas.

Hai evidencias que suxiren que no centro de moitas delas hai buratos negros de masas enormes. Precisamente, a Vía Láctea, a galaxia á que pertence o noso Sistema Solar, parece ter un deles no seu núcleo, cunha masa duns catro millóns de masas solares.

